

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 86

ano 14

xaneiro-febreiro 2020

O MONUMENTO A CONCEPCIÓN ARENAL EN OURENSE


Douscentos anos despois do seu nacemento, Concepción Arenal (Ferrol, 31/01/1820-Vigo, 05/02/1893) converteuse nunha figura histórica de referencia na loita polos dereitos dos máis desfavorecidos e da muller. Xa en vida o seu traballo fora recoñecido por moitos; entre eles os ourensáns que en 1892, desde o xornal *El Derecho* (concretamente dous xornalistas: García Ferreiro e Nomdedeu Pardo), promoven a idea de erixirle unha estatua.

A pesar das reticencias da penalista a que se lle dedique unha estatua na cidade, constitúese **A comisión para erixir unha estatua a Concepción Arenal**. Os promotores da idea, D. Alberto García Ferreiro e D. Vicente Nomdedeu, envían, o 17 de febreiro de 1893, un saúda ao Excelentísimo Concello de Ourense no que suplican “se digne contribuir a la suscripción abierta con dicho objeto y cuyas bases se consignan en el adjunto documento impreso”. Ambos os dous documentos custódiense hoxe no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

As **bases** que han de rexer o proxecto establécense en catorce puntos. O primeiro dá constancia de que se erixirá unha estatua a Concepción Arenal. Do segundo ao oitavo cítanse aqueles personaxes e institucións de relevancia. A eles diríxense a título individual, encabezando a lista a súa maxestade a Raíña Rexente á que convidan “a que inicie la **suscripción**”; seguen os ministros, Congreso e Senado, Academias, deputacións galegas, Universidade de Santiago, sociedades galegas en América, entre outros. Do noveno ao décimo terceiro dedícanse á administración e forma de recepción dos donativos.

O apartado décimo cuarto é o de maior interese desde o punto de vista artístico porque recolle, aínda que de maneira ambigua, os **requisitos** para a execución da estatua “... se abrirá oportunamente un concurso público entre artistas españois y en igualdad de condiciones, será elegido el modelo que presente un escultor hijo de Galicia”. Habería que esperar ata 1896, ano no que a Real Academia de Belas Artes de San Fernando opta polo proxecto gañador entre os vinte e catro presentados. Por unanimidade inclínase polo realizado polo escultor segoviano **Aniceto Marinas**, que co

paso dos anos será un referente nacional como artífice de monumentos conmemorativos. Nesta ocasión, a Academia, tivo que suxerirle algún retoque no modelo presentado para lograr maior parecido. Entre eles, o arranxo da vestimenta, unha bata con cola demasiado complicada para a sinxeleza da homenaxeada.



1893, febreiro, 17. Ourense
Saúda da “Comisión para erigir una estatua a doña Concepción Arenal” polo que se convida o Concello de Ourense a contribuir á subscrición aberta para este fin.
Orixinal; escritura humanística; castelán; 210 x 280 mm
AHPOu, Concello de Ourense, C. 24446/36

Subscripción popular, polémicas e inauguración da estatua

Á **proposta** dos xornalistas García Ferreiro e Nomdeu Pardo Concepción Arenal contesta enviándolles unha carta na que entre outras cousas dille:

“... las estatuas deben levantarse al genio, a la santidad o al heroísmo: yo no soy ni un genio, ni una heroína, ni una santa. Usted pensará que es modestia mía o falta de franqueza: yo le aseguro a usted que le hablo con toda sinceridad”.

A homenaxe dilátase no tempo por estas discrepancias e sobre todo por motivos económicos. Así, comprobamos por un escrito conservado neste Arquivo, que con data do 1 de xuño de 1897 a Comisión pro-monumento cursa unha solicitude na que pide “... que se digne ordenar el pago de la cantidad de 3.000 pesetas con que el Excmo Ayuntamiento de su digna provincia ha acordado contribuir...” No mesmo folio e con data do 25 do mesmo mes, constátase o libramento de 3.000 pesetas, por parte do Consistorio, a favor dun dos promotores da homenaxe.

Pronto aparecerán as **polémicas** e discrepancias como é habitual neste tipo de homenaxes. Nesta ocasión foi a desatada por **Lamas Carvajal** e **García Ferreiro** a través dos xornais **El Eco de Orense** e **El Derecho** respectivamente. O primeiro acusa o segundo de manexar os fondos recadados e considerarse dono e señor da homenaxe e a estatua. Ambos os dous se puxeron a mal aínda que ao cabo do tempo reconcílianse. O lugar da localización tamén creou polémica nos plenos do concello reivindicando algúns a praza Maior. Este mesmo ano, a Comisión, pide tamén ao Concello:

“... que se digne concederle sitio para la colocación del monumento que hace perpetuar el glorioso recuerdo de la autora de El visitador del pobre, el cual monumento habrá de componerse de un pedestal de granito y mármol y de una estatua de bronce fundido, de cinco metros de altura aquel y de dos metros con sesenta centímetros éste, trazado el primero, por el artista orensano D. Ramón Parada Justel y modelada la segunda por el nomeado escultor D. Aniceto Marinas...”

Por fin, en 1898 ten lugar a **inauguración** que non tivo a pompa desexada debido á penosa situación pola que atravesaba España. O monumento á escritora será o segundo que se erixe na cidade xa que en 1887 dedicáraselle outro ao **Padre Feijóo**. Aínda que ambas as dúas obras están dentro dos parámetros do **monumento conmemorativo** do século XIX, a calidade da estatua de Concepción Arenal é superior á do beneditino, xa que posúe un equilibrio compositivo e unha delicadeza que a outra non ten. Tamén de todos os artistas que participaron no concurso foi Aniceto Marinas, despois de admitir as suxerencias da **Real Academia de Belas Artes** de San Fernando en canto a buscar unha maior sinxeleza na indumentaria, o que

mellor soubo captar a súa modestia e **sinxeleza**, presentándoa cunha bata e o manto caído perfectamente traballado e coas cadeas e o libro de leis colocados aos seus pés, como símbolos alusivos ao seu quefacer e ao mundo da Xustiza.



Estatua de Concepción Arenal no seu actual emprazamento fronte ao pazo de Xustiza

Novo emprazamento en 1968

Os avatares do monumento non terminan aí, pois, en 1968 nun pleno municipal preséntase unha **moción** relacionada con:

“... la conveniencia de trasladar la estatua de su actual emplazamiento al de la plaza que queda enfrente del Palacio de Justicia, abunda en que el lugar más indicado para el emplazamiento de este monumento será la amplia isleta existente delante del edificio próximo a inaugurarse ya que con ello, a más de dar un lugar destacado se conseguirá una ubicación acorde con tan ilustre y genial escritora dado el carácter de su obra en pro de la caridad hacia el penado”.

A partir desta petición comeza un gran **debate** na cidade destacándose na oposición ao traslado **Otero Pedrayo**, cronista oficial naquel momento. O escritor chega a anunciar que deixaría en branco esta páxina do acontecer ourensán: “Como cronista, no registraré el traslado de la estatua de Concepción Arenal”. “Se ha faltado al nervio de la tradición, que es el alma de la cultura”.

Todos estes desacertos fixeron que o monumento perdese o valor de proximidade e punto de referencia que tiña no seu antigo emprazamento